

A VIII KDD BTT DOS CALLOS, rexeráse a través do seguinte regulamento que é de obrigada lectura e aceptación por parte de todos os participantes.

1. A VIII KDD DOS CALLOS realizarase o 9 de Xaneiro do 2022.
2. A idade mínima para a ruta BTT é de 15 anos e até os 18 anos necesitarán a autorización do pai, nai ou titor legal.
3. Os participantes menores de 18 anos deben ir acompañados por unha persoa responsable e presentar unha autorización do pai, nai ou titor legal asinada.
4. A kedada non é un evento competitivo. Os participantes deben manter o ritmo que marque o grupo de cabeza e respectar os reagrupamentos establecidos.
5. Os participantes deben ter o nivel necesario para participar nun percorrido de aproximadamente 35 km polo monte, de dificultade física e técnica media.
6. O uso do casco é obrigatorio. Calquera participante que non faga uso deste, será expulsado da kedada inmediatamente.
7. Cada participante debe traer as pezas necesarias para resolver unha avería: cámaras, bombín, etc.
8. Aínda que o percorrido estará debidamente sinalizado, o participante é o único responsable de cumprir coas directrices da organización e disposicións da Lei de Seguridade Vial.
9. Queda terminantemente prohibido tirar lixo ao chan.
10. A taxa de inscrición non é reembolsable.
11. A participación non será permitida a calquera persoa non rexistrada.
12. Todo participante está na obriga de ler, entender e aceptar o protocolo de prevención da COVID19 desta proba, polo que comprométese a cumprilo. Cada participante deberá presentar o documento ANEXO a este regulamento indicando que nos dez días previos a proba non percibiu síntomas da COVID19. Debe entregar o documento impreso, cuberto e asignado no momento da recollida do dorsal.
13. Medidas de prevención: Os participantes soamente lles estará permitido sacar a máscara pasados os 200 metros da saída, sempre que se cumpra a distancia de seguridade de 1,5 metros; os participantes lavarán as máns con hidroxel dispoñible sempre que a situación o requira (avituallamente, recollida de dorsais, etc.); debe evitarse o contacto entre os participantes en todo momento.
14. A inscrición pecharase o 3/01/2022 ás 23:59, existindo a posibilidade dun prezo reducido até 27/12/2021 ás 23:59.
15. A organización resérvase o dereito de modificar todo sobre itinerarios, horarios, reagrupacións, etc.

16. A proba vai estar suxeita a normativa que se aplique como consecuencia da evolución epidemiolóxica da COVID19 na comunidade de Galicia polo que se pode esixir certificado de vacunación ou proba negativa en COVID non anterior a 72 horas do evento.
17. Asistencia máxima de 300 participantes para a ruta BTT.
18. Asistencia máxima de 100 participantes para a ruta de sendeirismo (Andaina).
19. Ao inscribirse para esta proba asúmese a aceptación destas normas e renuncia a calquera alegación contra a organización.

En Salceda de Caselas, a 19 de Outubro de 2021

Asdo: Paula Fernandez Rodríguez

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE VIII KDD BTT DOS CALLOS 2022

D/D^a _____ DNI _____

Quero participar na VII KDD BTT dos Callos, proba organizada pola asociación xuvenil Nos Somos Nos, o 9 de Xaneiro do 2022.

DECLARO:

- Actuando en nome propio Como pai/nai/titor do/a interesado/a (menor de idade)

D/D^a _____ DNI _____

1. Que teño lido, entendido, aceptado e comprometome a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba.
2. Que teño lido, entendido, aceptado e comprometome a cumprir o Regulamento desta proba.
3. Que o interesado non tivo nos últimos 10 días síntomas da COVID19.
4. Que o interesado no tivo contacto directo con ningunha persoa positiva na COVID19 nos últimos 10 días previos a proba.
5. Que lín e acepto os compromisos contidos no protocolo e son consciente dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, e que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

SOLICITO: Participar tras ter lido con detalle a información proporcionada pola propia organización, acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo, e polo tanto asino:

Sinatura:

Lugar e data: